

[Recibido, xullo 2011; aceptado, outubro 2011]

RESUMO O proxecto Telémaco 1.1. propón “abandonar o proceso construtivo da narrativa lineal e a obsesiva reverberación de nós como un \*eu\*”, deixando atrás o vello paradigma textual. Fala dun “texto expandido” procedente da fonte creativa da \*noosfera\* e inspirado por ideas como o \*software\* libre, o código aberto ou o procomún.

ABSTRACT The Telemachus 1.1 project proposes abandoning the constructive process of the linear narrative and the obsessive reverberation of us as I, leaving behind the old textual paradigm. It speaks of an ‘expanded text’, emanating from the creative fount of the ‘noosphere’, inspired by ideas such as free software, open source, or Commons.


### Telémaco 1.0.1

A ideaación a continuación exposta non é un absoluto, non hai nela unha referencia completa ao que nós pensamos que debería ser a tendencia creadora do novo tempo; si é certo que, entre todo o que acontece a día de hoxe, os paradigmas lineais de creación aural, os modos monohermenéuticos de comprensión do real e a aliteración compacta do modo-texto nun proceso convexo cara tendencias monolíticas estratificadas están caendo en proporción inversa ao avance das novas plataformas dixitais que achegan novos criterios e posibilitan unha transformación do “sistema cognitivo” cara a outras dimensións inexploradas até o de agora.

Esta humilde contribución atinxe á emerxencia a día de hoxe dunha orde no sistema dinámico complexo que é a rede Internet, e -sobre todo- refírese ás “consecuencias” e implicacións teórico-práxicas que se derivan desta emerxencia. Estamos habituados, cada día máis, a ver como os discursos anteriores que forman parte da nosa tradición se ven reformulados e desfragmentados, creándose na súa vez unha sorte de novo tecido multimodal no que os conceptos, as teorías e os modos de realización destas se solapan en estruturas non xerárquicas, modelos abertos e panoramas rizomáticos que descalabran toda pretensión de orde sedimentada por estratos ou capas de tipo arqueolóxico. Algo está sucedendo. En todos os niveis. Por exemplo, a nova literatura (literatura entendida como paradigma de toda posíbel expresividade) abrolla dende o trasfondo dun sistema dinámico complexo en desfragmentación, posibilitando deste xeito “novas tendencias” no proceso creativo do ser humano.

Recoñecemos que todo proceso emerxente é violento, agresivo e demoledor de vellos modos, e fundamentalmente de sistemas hermenéuticos esgotados; talvez: toda revolución é un cambio no paradigma hermenéutico. (O que implica un cambio na modalidade articuladora). Precisamente por iso, a comprensión do que acontece é prioritaria para poder sondear-navegar con certeza no mar desconcertante da contemporaneidade. Isto é unha proposta.

Toda Literatura (como experiencia do ser *a través* do “relato”) vivénciase como un proceso abstracto que, codificado no “sistema cognitivo humano”, establece unha trama de ensoñación, unha fabulación que desprega un horizonte semántico, unha visión xeral do universo: *cada horizonte semántico é un universo en si.*




AS FORMAS en que os seres humanos creamos a nosa realidade deberían darnos que pensar acerca da condición mesma do *antrophos*. A fabulación, por exemplo, debería ser a condición *operante* dun novo discurso sobre o ser humano. Ademais, entendendo isto así, non podemos estruturar unha física categórica das regras lóxicas que *ditaminarian* o sentido do noso ser; isto é, toda fabulación pretendidamente empírica (como vemos agromar actualmente por todos os lados: sociobioloxía, psicoloxía xenética, neurofilosofía... verbi gratia, reduccionismo pseudoempírico, unha e outra vez: ¿acaso non nos temos curado xa desa enfermidade?) non é senón un relato máis ou menos acubillado no acontecer orixinante do mundo, na medida en que o ser humano *enfoca* un determinado aspecto deste (un determinado proceso elemental) e o universaliza no relato constructivo da súa existencia. Ninguén nega a validez empírica das constatacións de verdade: Ninguén nega a Tarski. Pero: **Todo proceso narrativo humano é, en si, unha episteme.** Difícil sería, deste xeito, crer que unha Literatura sexa unha mera evasión, así como tamén é case imposible concibir que esta sexa un factor *excedente* (un potlach ritual) que emana da superabundancia do ser no seu crear mundo, vida, realidade. Ninguén esqueceu aínda como as narrativas están creando o mundo actual: ninguén esqueceu aínda a Biblia, por dicir algo. **A Literatura nace cunha determinación recombinante: crear un espazo-tempo de ensoñación e de axuste vital deste ensoño nun mundo posíbel.** Naturalmente toda ensoñación porta un sentido, un relato, que pode ser de calquera tipo: filosofía, ciencia, arte, historia...

Todo son relatos. Relatos que pesan.

E *producen* mundo.


A Literatura, como todo fenómeno emanado do humano, provén dunha fonte, dun espazo-tempo primario, dun “big bang” ocasional. O noso “big bang” ocasional, a fonte dos nosos relatos, é a Noosfera.



A noosfera é un concepto deseñado por Vladimir Ivanovich Vernadsky,<sup>1</sup> científico ruso de principios do século XX. Tal e como el o acuñou, a terra circunvoluciona en varias órbitas: a primeira, máis coñecida, é a Xeosfera (o ámbito xeolóxico da terra), a segunda, a Biosfera (o ámbito das formas de vida deste planeta), pero habería un terceiro ámbito ao que chamou a Noosfera, procedente do grego *nous* (“intelecto”, “mente”, “pensamento”) e *sphera*, e que sería o ámbito mental ou intelectual que circunscribe todas as formas de vida da Terra. Así, **todo ser vivo áchase conectado a e ao mesmo tempo é unha urdime enerxética que produce (indirectamente) unha esfera de acción intelectual.** Se todo é noosférico, isto é, se -como James Lovelock entendeu- Gaia (a Terra) porta unha sorte de intelixencia, entón cada acto desenvolto en algún dos sectores desa Noosfera é, en certo modo, unha emanación do todo, un proceso emerxente que resulta dun sistema dinámico complexo de carácter autoconsciente, en certo grao de realidade. Neste paradigma ou visión, **cada proceso emerxente que acontece no mundo nace cunha determinación “comunal” que constitúe o ser mesmo do real.** Se concedemos que hai un grao de realidade enerxética que prefigura e forma os aconteceres e volicións de cada forma de vida, e que estes criterios teñen un carácter “comunal”, hai que aceptar tamén a idea de que a Literatura é unha manifestación máis, conxénita, da orde de realidade noosférica do humano. Isto é, a Literatura é un grao manifestado de realidade da Noosfera feito conciencia articulativa a través do ser humano.

<sup>1</sup> <http://www.synergeticpress.com/vernadsky.html>

A Literatura, como todo proceso humano, provén desa fonte creativa á que chamamos Noosfera. Podemos dicir, extendendo a idea, que a Rede Internet (polo seu carácter polisémico e hiperestructural, en base a unha configuración rizomática) *especulariza* o carácter prearticulativo de todo o sistema dinámico do pensamento e da innovación creativa (vid. A Noosfera). A Literatura, extendida a este ámbito, convértese nunha fonte *expansiva* da posibilidade creadora do ser en todos os campos nos que este se desenvolva.




Necesario é dicir que o paradigma imperante até hai pouco non pode continuar perdurando nos nosos modelos hermenéuticos e configurativos, por mor da patoloxía que produce o contacto (agresivo e brutal) entre os nosos habituais sistemas cognitivos lineais (graduais, por etapas) e as novas formas de configuración do real, afianzadas pola linguaxe hipermedial e os seus sistemas de signos; contacto que produce fundamentalmente distorsión no nivel perceptor e comprensor da información. <sup>1</sup>O relato de carácter lineal, que se comprende en etapas progresivas, *desfrágmentase* para xerar un relato hipertextual no que todos e cada un dos polos do mesmo son síntese e interconexión con todo o resto. **Actualmente o proceso do pensamento humano vese modificado, evolucionando dende a gradualidade lineal dun logos a unha dinámica hipercomplexa tipo-aleph (à la borges).** A creación *narrativa* (como modo de explicitar a construción de historias e relatos) desaparece, progresivamente, a prol dun modo no que o ser humano aprende a desenfocar a visión unidireccional (constante *nun* tópico e pechada no universo dos seus signos privados), para artellar un discurso cada vez máis aberto, comunal e transparente. Isto trae consigo unha reformulación do concepto de "Literatura": pasamos de entendela como un dominio do ortogramaticalmente direccional a vela como un dominio do hipermedialmente multidireccional. **A Literatura que toma como base da súa enunciación articulativa a rede Internet (paradigma *especular* da Noosfera) vese cada vez máis permeada polo anonimato e a multiautoría.** O coñecemento do ser humano, creado en virtude dunha Intelixencia Colectiva,<sup>2</sup> comprende neste tempo de tránsito (entre a vella configuración paradigmática e a nova) un salto cualitativo nas maneiras de configurar o relato, de facelo visíbel, de abrir un campo hermenéutico posíbel.

<sup>1</sup> Nicholas Carr, *Superficiales: ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes?*, Taurus, 2010.

<sup>2</sup> Pierre Lévy, *Inteligencia Colectiva*: <http://inteligenciacolectiva.bvsalud.org>

Se a rede Internet *reflicte* a orde da Noosfera e esta produce unha Narrativa (cal sexa que agrome) que se conceptúa baixo o termo xenérico de Literatura, a percepción do vello modelo organizativo do real (como *un* relato creado por *un* autor) deslínase da súa base e constrúe un espazo plural de significacións onde, a maior cantidade de conectividades creadoras de narrativas, maior verosimilitude co mundo que acontece. (É obvio que nisto non hai ningún intento dunha Teoría da Significación).



COMPLEXO E OMNIABARCANTE o sistema cognitivo humano foi producindo historicamente unha serie de mutacións *necesarias*, en virtude da súa evolución constructiva. *Estas mutacións indúcense directamente nunha urdime prearticulativa que consigna cada paso dado no movemento xeral do articulativo.* Aquí entretécese a idea da Anticipación, anunciada por Mihai Nadin hai anos.<sup>1</sup> Se o sistema actual mental tende a unha mutación *fundamental* para aprender o sustancial dos procesos creadores do ser humano é entón preciso que cambiemos o enfoque do noso sistema cognitivo e, polo tanto, do noso modelo de interpretación do mundo. Nese modelo a idea de “autoría” e de “causa única” (o autor, o creador *ex nihilo*, ridiculamente vanagloriado nos círculos literarios) debe **aniquilarse, desaparecer**, para dar paso a un suxeito colectivo, comunal e talvez nómade: un suxeito non definido, non absolutista-absoluto. Un suxeito que, sen ter que *anular a súa individualidade consciente*, é quen de comprender que é parte e fragmento dun todo ao que chamamos Comunidade Humana, Comunidade Creadora ou, propiamente, Conciencia Colectiva, *proxeitada* como interaccións cuánticas do que denominamos Noosfera. Seguir o rastro desta mutación fundamental supón a superación de dúas cousas até o de agora privilexiadas: (1) o egocentrista creador e (2) a unidireccionalidade narrativa. Historicamente, de maneira desconcertante, os textos que nos sorprenderon como *comunidade colectiva* foron sempre aqueles que nos **re-ligaban** co universal do proceso constructivo humano: que nos vinculaban, facéndonos lembrar *unha* estraña condición soterrada en nós, nomeada de modos múltiples (“ser”, “deus”, “orixe”, “fundamento”, “caos”, “matriz”, etc.) que **vivifica** todo acto creativo e o fai cósmico. Heidegger referíuno habitualmente como o “recordo do ser” ou, ben visto, a trascendencia do imperante (no *logos occidental*), “esquezo do ser”.

<sup>1</sup> Mihai Nadin; *Minds: Anticipation and Chaos*, <http://www.oikos.org/naminds1.htm>

Nesta orde de cousas, o novo suxeito “anautoral” realízase como tendencia que se desprega a través de textos multidimensionais, enfocando correntes narrativas (*streamings*) que interactúan xerando novos espazos creativo-experienciais.



NON EXISTINDO un ente nominal que fixe e detente a autoridade do relato, este constitúese en movemento, en proceso, en modo verbal que apunta a un horizonte a través dun Texto *expandido*. Para alén da multidireccionalidade e da multimodalidade, o Texto, como *experiencia en formación*, porta tamén unha nova dimensión, un ámbito de profundidade interno que, integrando os aspectos psicolóxicos, atinxe á experiencia sensciente. **Internet, como espazo gurgullador do novo Texto, non é só unha plataforma multimodal de interconexión de información; a través das ferramentas hipermedia convértese nunha interface emotiva e sensciente.** A experiencia activo-receptiva dun texto non pode limitarse á comprensión intelectual dos conceptos que emanan; a interconexión empática<sup>1</sup> entre creadores de mundos transcende toda separación obxectualista, propiciando unha comprensión en profundidade e integración. O (novo) Texto emana como pretensión de recreación do espazo semántico donde é posíbel crear unha narrativa, na que nós atopemos o acubillo do ser, é dicir, na que nós atopemos unha expansión desta experiencia. Novas linguaxes son creadas<sup>2</sup> e ábreanse portas para *artellar unha nova interface* expresiva para o ser.

<sup>1</sup> *Affective Computing*; <http://affect.media.mit.edu>

<sup>2</sup> Lev Manovich; *El Lenguaje de los Nuevos Medios*; Cátedra, 2007



A DÍA DE HOXE, e dende o século XIX, a meirande parte da produción literaria, musical, audiovisual, etc., fundaméntase nun ©, no “rexistrado”, na “propiedade intelectual”, “autoría definida”. Todo está *marcado*, todo son renglóns que sinalan as bestas que pacen nos bosques, sinais que *inscriben* o trazo de algo “apropiado, meu, non teu”. Considérase a “orixinalidade” como o máis alto valor creativo da época, e o “orixinal” aquilo que nos fai diferente do outro, e tanto máis alta sexa a diferenza, maior é o valor do obxecto que a contén. É a regra que emana dun *capitalismo cognitivo e creativo* que nos aboca ao solipsismo. Mais esquecese que “orixinal” é aquilo que nace na orixe, e a “orixe” non é un obxecto de mercado, finalizado, exposto e presto a ser consumido, senón un xerador no cal “se orixinan” mundos. Liberando o código da Literatura libérase á palabra desta predeterminación que a fixa; ábrese o *logos* e expande a súa potencia creadora a través das singularidades individuais que o acubillan, xa non como entidades esteadas no “meu, teu”, apropiadoras de discursos monolóxicos *de cátedra* que se instauran dogma, alimentados pola autocompracencia, senón como arquitectadoras de novas posibilidades de re-coñecemento do ser humano como ente creador. Deste xeito, **TELEMACO 1.1**,\* como proceso autopoiético en construción, consciente da caducidade e decadencia dese vello paradigma, e apoiándose en ideas como a do Software Libre ou o Código Aberto, propón:

318

Abandonar o proceso construtivo da narrativa lineal (tanto no sentido da trama que se narra como no modo en que esta se narra; por exemplo, transcendendo os límites da ferramenta ortogramatical), así como a *obsesiva* reberveración de nós como un “eu”. Estes dous elementos constitúen os piares fundamentais da cosmovisión literaria moderna e serios impedimentos para unha apertura do ser humano cara ao propósito da re-ligazón co universal que ampara a idea da Noosfera. Experimentar e aprender novos modos de narrar e novos suxeitos que *colectivicen* a experiencia humana do ensinar e do crear mundos, ideas, perspectivas. Quitarlle o cuño á narrativa, e desprexuiarse (Derrida, logocentrismo) para abrirse ao entendemento de discursos non ortogramaticais, a discursos (mantras) non silábico-fónicos. **Cantos “eus” poden compor a canción? De cantos modos se poden vislumbrar os universos que soñamos? Cantos alfabetos podemos crear?**

\* Proxecto definido no seo de **Axóuxere** (Editora e Productora Cultural 2.0: axouxerestream.com), propiciado por un cúmulo de pensadores, tecnólogos e creadores que ven interese no fenómeno das **creacións transfonteirizas** que abre a rede internet e os novos criterios de creación textual que se derivan das plataformas hipermedia. Como proceso en desenvolvemento *vai metamorfoseándose* ao longo da súa existencia e polo tanto implica *unha* versión de configuración, como versión (metaforicamente) de software. A etapa na que agora estamos é a versión 1.1. A etapa da configuración arquitectónica *da teoría*.